Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 147. Abril 2018. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

MELIDE
Polémica pola calidade da auga na praia fluvial de Furelos P10

COMARCA
O PP de Santiso denuncia o mal estado de varios accesos do municipio P18

CULTURA
A XIV Foliada de Melide encherá a vila de música e baile o 27, 28 e 29 de abril P19

ENTREVISTA

Ana Mato e Iria Expósito, *E&M Avogados* P23

En marcha o último treito da A-54

Co inicio das obras entre Melide e Arzúa a finais de marzo, todos os tramos da autovía que unirá Lugo con Santiago están en execución ou en servizo

O ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, e o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, entre outras autoridades, realizaron no concello de Arzúa a colocación simbólica da primeira pedra do tramo da Autovía A-54 entre Melide e Arzúa. Trátase dun tramo de case 17 quilómetros que conta cun investimento de máis de 88 millóns de euros e que previsiblemente estará en funcionamento, xunto coa autovía, para o ano 2022. P13

Eva Iglesias presentará o desfile Melide Está de Moda

A cantante conducirá e actuará na cuarta edición da pasarela que organiza Asetem, ademais de ser imaxe comercial da asociación durante case un ano. P3

O PSOE de Sobrado presenta unha moción de censura

O PSOE conta co apoio dun edil do PP para desbancar á alcaldesa (Todos por Sobrado), que defende que en todo momento houbo diálogo cos seus socios. P14

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Os riscos da vida dixital

Vivimos nun mundo cada vez máis dixitalizado no que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación están por todas partes. A día de hoxe o feito de non integrarse ou non formar parte deste universo supón en certa medida desaparecer, non existir.

Innegable é o feito de que tamén nos axudan e facilitan o día a día, sexa a nivel persoal ou laboral, sobre todo as redes sociais. Máis o que vén de acontecer coa filtración de datos de millóns de usuarios de Facebook –consentida esta polas súas propias regras–, supuxo unha labazada de realidade.

Certo é que todos sabemos da utilización dos nosos datos persoais en maior ou menor medida, pero a que nivel chega esa utilización? Recollen os nosos datos sen o noso persmiso expreso? E quizais o máis importante, con que fin os recollen e para que os empregan? Pode chegar a prexudicarnos?

Cabe reflexionar profundamente sobre isto, e é que nos últimos días coñecemos un novo caso de filtración de datos que xerou certa polémica. Unha aplicación para citas gais compartiu con terceiros e sen informar aos seus usuarios os datos que estes elixiron dar a coñecer no seu perfil, incluído se tiñan o VIH.

Partindo de que proporcionamos a nosa información de xeito voluntario comeza a preocupar que esta acabe en mans indebidas. É certo que somos nós os primeiros en facilitar os datos, aínda que en moitos casos baixo a seguridade que se nos vende en canto á protección dos mesmos. Por iso non se debe culpabilizar única e exclusivamente ao usuario das redes sociais.

Non obstante, debemos ser conscientes, e cada vez máis, de que a información que compartimos acabará sendo usada na meirande parte dos casos con fines comerciais. O que non se debe permitir baixo ningún concepto é que esa información acabe causando prexuízos a ningunha persoa nin colectivo xa que suporía unha das máis graves violacións da nosa intimidade.

Esperando a ver como se resolven estes casos, dende a perspectiva dos usuarios quizais o máis urxente agora é concienciar sobre a importantcia da nosa privacidade, compartindo só o necesario e comprendendo a importancia que ten a nosa vida dixital e os seus posibles riscos.

Tribuna de opinión

Cuestión de respecto

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

O 20 de marzo celebrouse en Arzúa a colocación da "derradeira? primeira pedra" da Autovía Santiago-Lugo, e hai dous anos e medio a apertura do tramo Palas de Rei-Guntín, en ambos casos non fomos convidados. Tampouco o ano pasado no mes de xullo na colocación da primeira pedra no treito entre Melide e Palas.

Que leva ás altas estancias da vila a reiteradamente non contar con Asetem nos eventos que tentan ser promoción e axuda ao desenvolvemento económico da Terra de Melide?

A imaxe resulta bastante pobre do que é ou debe ser o acontecer diario destas terras. Son acaso só partidos e partidarios os únicos quen de celebrar actos simbólicos de avance nas melloras da bisbarra? son eles os únicos implicados na súa consecución?

Acaso non sería igual ou máis contundente de cara ao progreso colectivo, que o desenvolvemento de proxectos fose un labor de ir unindo e uníndose ás forzas vivas, asociacións e cidadáns (actores eles, que como en case todas as obras, aínda que secundarios deixan unha sutil e importante pegada na "historia" da que forman parte), xunto coas sen dúbida necesarias xestións de despachos e "bambalinas", accións nas que tamén nos vemos involucrados dende esta asociación.

Sen embargo aínda dominan as ansias de protagonismo e intereses particulares, fronte ás de: dende a confianza, cariño e respecto, construír entre todos unha comunidade de progreso.

O noso empeño en levar accións conxuntas, de facer visible a colaboración do Concello e Concellerías naqueles momentos ou espazos físicos onde se dan as nosas actividades, de convidalos a que as compartan, está presente dende o momento de organizalas, ante todo por unha cuestión de respecto, do que tamén consideramos ser merecedores.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: María Fernández, Rafael Rodríguez Gaioso
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Yolanda Pampín Gil
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....8
- COMARCA.....13
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

A cantante Eva Iglesias presentará o desfile Melide Está de Moda

Asetem e a colaboradora de *Land Rober* chegaron a un acordo para ser imaxe comercial da entidade ao longo dun ano

Eva Iglesias nas instalacións de Asetem co presidente, vicepresidente e a xerente da asociación, e visitando os comercios asociados para escoller os modelos que lucirá durante a presentación do desfile

Abril... primavera... pasarela de moda! A estas alturas ninguén cuestiona que o desfile Melide Está de Moda é xa un dos eventos máis fortes e consolidados dentro da programación que organiza a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) ao longo de todo o ano.

Pese a súa xuventude –esta é a cuarta edición–, os esforzos por mellorala ano tras ano están a dar o seu froito, e é que como gran novidade nesta ocasión será a cantante galega e colaboradora do programa da TVG *Land Rober*, Eva Iglesias, a encargada de conducir o evento. Así, ademais de presentar a pasarela tamén actuará ao longo da mesma en varias ocasións deleitando a todos os presentes coa súa voz.

Imaxe comercial

Ademais de presentar esta edición da pasarela de moda, Asetem chegou a un acordo coa colaboradora do programa estrela da TVG para ser imaxe comercial da entidade ao longo dun ano. Grazas a este acordo, Eva Iglesias reforzará coa sua imaxe o comercio local de Melide ao mesmo tempo que participará en diferentes campañas da asocaciación de empresarios.

Así, o pasado venres día 6 de abril, Eva Iglesias trasladouse ata as instalacións de Asetem en Melide para oficializar este acordo e presentar a campaña de imaxe comercial. Tanto o presidente de Asetem, como a cantante amosaron a súa "satisfación" por este compromiso adquirido.

15 Establecementos

En canto ao desfile en si, na cuarta edición da pasarela Melide Está de Moda participarán un total de 15 establecementos, entre asociados e colaboradores, que aproveitarán para subir ao escenario da Casa da Cultura o mellor en moda e complementos para a tempada de primvarera-verán.

As últimas tendencias tanto para os máis cativos como para os adultos serán as protagonistas o vindeiro sábado 14 de abril a partir das 18.00 horas. Para iso, as tendas reuniron a máis de medio cento de modelos afeccionados de todas as idades que serán os encargados de lucir cada prenda en diferentes pases. A entrada ao desfile é gratuíta e ata completar aforo.

Outra das novidades nesta edición de primavera-verán será un *photocall* instalado na Casa da Cultura para que os establecementos participantes e os seus modelos poidan retratarse coa presentadora da pasarela, Eva Iglesias. Así mesmo, no transcurso do desfile haberá un sorteo dun vale para trocar nun dos comercios asociados, e música e son de ambiente a cargo de *Discomóbil A Gramola*.

Cheo na Casa da Cultura

A pasarela Melide Está de Moda está organizada por Asetem en colaboración coa empresa Studio Klec, a Dirección Xeral de Comercio e o Concello de Melide. Dende a entidade sinalaron que manteñen expectativas de asistencia semellantes a anos anteriores "debido á forte campaña de promoción que estivemos a facer tanto nos concellos da contorna como a través das redes sociais", indicou o presidente de Asetem, Manuel Vázquez. Pola súa parte, a xerente, Pilar López, incidiu no feito de que se trata "dun evento cada vez máis consolidado, polo que agardamos novamente un cheo total da Casa da Cultura".

O obxectivo desta iniciativa é o de dar a coñecer as tendencias en moda para a tempada de primavera-verán ao mesmo tempo que se potencia o comercio local e se dinamiza a vila de Melide.

ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

- COLORÍN COLORADO
- DIVA PRO HAIR & BEAUTY
- ÓPTICA TÁBORA
- M&M
- MIS MEJORES LABORES
- ÓPTICA MELIDE
- PASARELA
- SISUKA
- STARDEMODA
- SUEÑOS
- TU BOUTIK
- MEDUSA
- A GRAMOLA
- FLORISTERÍA TARRÍO
- RESTAURANTE SAN ROQUE

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

MARGARITA IGLESIAS "MIS MEJORES LABORES"

(Ronda da Coruña, nº 38 Melide)

"Unha parte importante dos meus clientes compran por Internet"

Lencería, mercería, roupa de nenos, todo o que é puericultura, carriños de bebé, berces... é o que podemos atopar en Mis Mejores Labores; de todo para os máis pequenos e ata os 16 anos, así como roupa interior tanto para nenos como para maiores, e todo o que precise unha embarazada antes, durante e despois do embarazo.

Máis de seis anos de experiencia son suficientes para decidirse a dar un novo paso. Iso é o que vén de facer Margarita Iglesias, de Mis Mejores Labores, que emprende agora unha nova etapa co lanzamento da súa tenda on line: www.mismejoreslabores.com

.- Que balance fai de todo este tempo?

.- Margarita Iglesias (M.I.): A verdade é que diría que bo, mellorando. Empecei no peor, fai seis anos, cando estaba o peor da crise segundo a xente, e algo claro que melloramos. Cando abrimos as portas a tenda tiña 80 metros cadrados e agora ten 310 entre almacén e tenda.

.- Que foi o que a motivou a montar a tenda on line?

.- M.I.: Sobre todo o feito de que vendía moitísimo a través de Facebook. Dinme conta de que era o que demandaba a xente e é o que van a seguir demandando. Unha parte importante dos meus clientes compran por Internet. Vendo incluso máis a través das redes sociais para o resto de España que para Galicia.

.- Como xurdiu mismejoreslabores.com?

.- M.I.: Pensando na idea de montar unha tenda on line xa levaba tempo, preto de ano e medio case dous, pero foi agora a comezos deste ano cando nos decidimos a facelo. Xa un día se achegara pola tenda unha compañeira que estudou comigo que se dedica a isto, e foi aí cando comezamos a darlle forma. Ademais sabiamos que concedían algún tipo de axudas para a posta en funcionamento dunha web, así que no mes de xaneiro arrancamos coa idea.

.- Foi complicada a posta en marcha da web?

.- M.I.: Vaia se foi complicado, sacoume horas de sono, e días (risas). A ver, a web en si non é complicada, pero case dá o mesmo traballo poñela en marcha que facer unha tenda física. No meu sector precisas unhas fotos dun tamaño moi específico, que teñan tamén unha cor moi específica, unha descrición de cada peza de roupa, conectar o programa de xestión da tenda física co da tenda on line, etc. Son moitos pequenos detalles que dan traballo e que implican moitas horas diante do ordenador, pero que unha vez posta en funcionamento todo é máis doado.

.- Que foi o máis complicado?

.- M.I.: Poñernos todos de acordo. Por exemplo, o transporte para levar a toda España, os trámites para o TPV virtual, probar a tenda on line e darte conta de que aínda faltaban cousas, todo iso.

.- Aínda con todo, recomendaría vostede unha tenda on line a outros sectores?

.- M.I.: Aínda que dá traballo, si. Persoalmente creo que compensa o custo dunha tenda on line unha vez que xa a tes feita e a mantés ti. E para iso fórmaste un mínimo e despois xa a podes actualizar ti mesmo cada vez que sexa necesario.

.- Que temos que facer para comprar a través da páxina web?

.- M.I.: É moi sinxelo. Entras en www.mismejoreslabores.com e xa tes todo á vista. É como unha tenda normal e corrente onde podes ver os produtos, os prezos, prazos de entrega, unha zona outlet, etc. Ademais, abrín un blog que tamén aparece na tenda on line e no que imos a falar de todo un pouco. Cada semana subiremos un artigo novo sempre relacionado coa tenda, sexa sobre a moda interior, sobre a moda para nenos ou a seguridade nas vías á hora de colocar as sillas de bebés, entre outros temas.

Os comerciantes debaten como soster o Mercamelide de verán

Os comerciantes de Melide mantiveron unha reunión na sede de Asetem co obxectivo de tratar e debater sobre a mellor maneira de consolidar o Mercamelide, a feira de oportunidades que se celebra en dúas edicións, unha en inverno e outra en verán.

Durante a reunión, á que asistiron máis dunha quincena de comerciantes, os participantes puxeron de manifesto o seu interese en manter e consolidar a edición de inverno no Palacio de Congresos. A maiores tamén abordaron cuestións como o feito de enriquecer esta feira cun maior número de sectores participantes así como tratar de facer coincidir a súa celebración con outro tipo de mostras ou feiras na mesma data, aspecto que serviría para atraer a un maior número de público.

Do mesmo xeito, os comerciantes reunidos coincidiron en sinalar que a mostra debe estar limitada aos empresarios do municipio e non do exterior, ao igual que debe seguir celebrándose durante a primeira quincena de febreiro.

Trasladar o Mercamelide de verán ao Cantón de San Roque

Non obstante, en canto á celebración da edición de verán houbo máis diversidade de opinións. Aínda que a maioría votou por facelo no centro da vila (no Cantón de San Roque), tamén houbo quen apostou por seguir mantendo a feira no Palacio de Congresos. Outra das opcións que barallaron os comerciantes foi a de celebrar o Mercamelide de verán no exterior de cada comercio. Así mesmo, a data de celebración tamén xerou debate, e é que moitos dos comerciantes pensan que sería unha boa idea facer coincidir a mostra de stocks coa celebración da Feira Medieval que precede ao San Roque. Iso suporía adiantar o Mercamelide á primeira quincena de agosto en vez de celebrarse a finais de mes como vén sendo habitual.

Ante estas posibilidades acordouse comunicarlle as opcións previstas á alcaldesa de Melide, Dalia García, quen xa respondeu aos empresarios cunha negativa, aludindo a que "o Cantón de San Roque da vila en agosto non é o lugar onde se poida celebrar unha feira de oportunidades, xa que nesa localización existe o propio comercio ambulante os domingos, e tamén actividades lúdicas e culturais que ocupan o espazo durante todo o mes".

Sexa como sexa, a intención dos comerciantes é a de manter vivo tamén o Mercamelide de verán. Agora, deberán esperar a unha reunión prevista para o mes de abril co concelleiro da área de Facenda, Luis Arias, para ver como se desenvolven os acontecementos.

A Deputación destina 3M€ para contratacións nos concellos en 2018

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), destinará durante 2018 un orzamento de 3 millóns de euros para apoiar aos 82 concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes (entre eles Melide, Santiso, Sobrado e Toques) na contratación de persoas desempregadas para a prestación de servizos locais básicos. Segundo subliñou o presidente provincial, Valentín González Formoso, "a Deputación manterá en 2018 a súa aposta polo emprego como a principal prioridade e o eixo transversal de todas as súas políticas". Neste sentido, a liña de apoio aos concellos do PEL, que nos exercicios 2016 e 2017 creou 996 postos de traballo nos concellos coruñeses, volverá a ser este ano protagonista para favorecer a inserción laboral das persoas con maiores dificultades. Coa súa asignación do PEL- Concellos, os municipios coruñeses poderán financiar, ata o 31 de decembro de 2018, os custos salariais e de seguridade social derivados da contratación de novo persoal que se destinará á mellora dos servizos municipais básicos.

CLUN recibe un premio da USC

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago celebrou a festividade de San Vicente Ferrer, patrón dos seus estudos, cun evento no que se desvelaron os gañadores de distintos premios académicos, artísticos e honoríficos. Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN), recibiu o Premio Fulget 2017, que recoñece a empresas ou colectivos empresariais galegos que destacan polo seu traballo para favorecer as mellores relacións entre a actividade económica e a súa contorna profesional. Neste plano, CLUN ten un claro compromiso coa Facultade dende hai 20 anos co patrocinio do IDEGA e a convocatoria do Premio Jesús García Calvo; formando parte do comité consultivo de expertos para ofrecer asesoramento na mellora da empregabilidade do alumnado en diversos campos; ademais do uso que fai CLUN da bolsa de emprego da Facultade para incorporar profesionais de alta cualificación. Recolleu o premio o director comercial de CLUN, Ramón Mandiá. O acto de entrega contou coa presenza da decana de Económicas e Empresariais, María Emilia Vázquez; do vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa, Roberto Javier López; e de numerosos profesores e alumnos, ademais de varios directivos de CLUN.

Antonio Couceiro, novo presidente de Dairylac

O Consello de Administración de Dairylac aprobou por unanimidade o nomeamento de Antonio Couceiro como novo presidente da compañía, en substitución de Jaume Llopis, quen solicitou o seu relevo ao dar por cumpridos os obxectivos establecidos cando asumiu as responsabilidades do cargo. Antonio Couceiro, que xa formaba parte do Consello de Administración de Dairylac dende o pasado ano como conselleiro independente, asume agora o reto de liderar este proxecto empresarial galego integrado por varias cooperativas. Entre os principais obxectivos a conseguir e consolidar está o de transformar e poñer en valor o lácteo galego. A planta de Dairylac está situada en Melide e conta con máis de 6.000 metros construídos con capacidade para producir 249.600 toneladas anuais de leite e derivados, suero e produtos customizados. A finais de 2017 lanzou unha nova gama de queixos baixo as Denominacións de Orixe Protexidas Tetilla e Arzúa-Ulloa denominada Tres Viajeros.

EMPRENDEDORES EN MELIDE

JOSÉ A. REGUEIRA "RESTAURANTE SAN ROQUE"

(Avenida de Lugo, nº 52 Baixo, Melide)

"Toda a miña vida foi un risco e para emprender fai falla arriscar"

José Antonio Regueira Temes no comedor principal do Restaurante San Roque, onde se poden celebrar eventos de todo tipo: vodas, bautizos, comuñóns, etc.

.- Como se decidiu a emprender?

.- José Antonio Regueira (J.A.R.): Pois mira, case diría que por aburrimento. Eu fun unha persoa moi activa toda a vida, tiven negocios en Cataluña e hai uns anos tivemos que volver por temas de saúde, para coidar a miña sogra. A miña muller é de aquí e eu son de Ourense, e ao ter que estar na casa e ser tan activo pensei en que tiña que facer algo. Dispoñía deste baixo en Melide e tíñao en aluguer, pero como non lle sacaba nada e eu son unha persoa que cando ten algo quero facelo rendible, apostei por esta idea. Así empezou todo.

.- E por que na hostalería?

.- J.A.R.: Falei cunha deseñadora amiga miña de Barcelona e díxome que isto aquí era propio para o Camiño de Santiago e que podería montar algo así relacionado coa hostalería. Díxenlle que me fixera un deseño pero a idea non me convenceu. O que pasa é que xa se me metera a idea na cabeza e entón chamei a catro deseñadores máis. Expliqueilles o proxecto, díxenlles que pensaran no que podía montar e como podía enfocalo e finalmente elixín o proxecto que máis me gustou. O resultado foi o Restaurante San Roque tal e como o vedes; saíume moi caro porque o que me deseñou o proxecto é o mesmo que deseña as casas dos xogadores do Real Madrid e do F.C. Barcelona, pero ten un gusto exquisito, así que valeu a pena.

.- Tiña claro que ía emprender en Melide ou foi por casualidade?

.- J.A.R.: O que tiven claro dende o primeiro momento foi que ía montar algo na miña terra. Pensei en Melide ou Chantada e logo fixen un estudo nun radio de 50 km porque abranguía municipios como Lalín ou Santiago. Finalmente decidímonos por Melide porque me aconsellaron que era o sitio máis axeitado para este tipo de negocio.

.- Que servizos ofrece o Restaurante San Roque?

.- J.A.R.: Abrimos todos os días a partir das 12 do mediodía. Hai menú do día e tamén un menú de fin de semana, e por suposto menús aptos para celíacos. Ademais, como novidade organizamos dúas veces ao mes unha cea baile con música en vivo. E por exemplo, xa celebramos tamén un cocido ao mediodía con música en directo.

.- As ceas baile sempre son dúas veces ao mes?

.- J.A.R.: Si, dúas veces ao mes e sempre en sábado. A primeira experiencia foi moi boa por iso decidimos continuar. Iso si, é mellor reservar sempre porque moitas veces quedámonos sen sitio para acoller a tanta xente.

.- Que capacidade ten o restaurante?

.- J.A.R.: No comedor principal dende 88 persoas ata 150 en eventos máis grandes. Á parte hai outros reservados onde se poden albergar de 14 a 18 persoas, e xa no exterior a capacidade da terraza chega ata as 400 persoas.

.- Agora que está no sector da hostalería, como o ve?

.- J.A.R.: Non me dá medo, penso que collín o persoal adecuado e o responsable é unha persoa con experiencia, demóstrao día a día e iso é un apoio moi grande.

.- Que fai falta para emprender?

.- J.A.R.: Arriscar e decisión. Penso que toda a miña vida foi un risco e non sei vivir sen el, necesítoo sempre.

CAMPAÑA DA RENDA 2017

- Obriga de declarar polo I.R.P.F.: persoas físicas con residencia habitual en España, coas rendas que se sinalan:

a) Rendementos íntegros do traballo cos seguintes límites:

1.- 22.000€ anuais, se proceden dun único pagador ou de varios pagadores cando:

- A suma das percepcións do segundo e restantes pagadores non superen en conxunto 1.500€ anuais.
- Os únicos rendementos do traballo consistan en pensións da S.S. e demais prestacións pasivas e que a determinación do tipo de retención aplicable se realizase segundo a normativa.

2.- 12.000€ anuais cando:

-Procedan de máis de un pagador, e o segundo e restantes pagadores superen os 1.500€ anuais.

-Se percibiron pensións compensatorias do cónxuxe ou anualidades por alimentos, salvo que procedan dos pais por decisión xudicial.

-Se o pagador dos rendementos non está obrigado a reter.

-Se perciben rendementos íntegros do traballo suxeitos a tipo fixo de retención.

b) Rendementos íntegros do capital mobiliario e ganancias patrimoniais suxeitas a retención ou ingreso a conta cando superen os 1.600€ anuais.

c) Rendas inmobiliarias imputadas que procedan da titularidade de inmobles, rendementos íntegros de letras do tesouro e subvencións para a adquisición de vivenda de protección oficial co límite de 1.000€ anuais.

- Non terán obriga de declarar: Os contribuíntes que obteñan exclusivamente rendementos do traballo, do capital mobiliario e inmobiliario, de actividades económicas, así como de ganancias patrimoniais, suxeitas ou non a retención, cando a suma de todos eles non supere 1.000€ anuais e perdas patrimoniais inferiores a 500€.

PRAZOS:

04 de Abril de 2018: inicio de servicios telemáticos RENTA WEB, para a presentación de rendas vía electrónica.

27 de Xullo de 2018: último día para domiciliar rendas con resultado a ingresar.

2 de Xullo de 2018: último día de campaña de renda, e por tanto, último día para poder presentar declaracións.

Cando a declaración saia con resultado a ingresar poderase fraccionar en dous prazos: o 60% da cota ingresarase como data límite o 2 de Xullo e o 40% restante o 5 de novembro de 2018.

Información elaborada por CC Xestión
R/Florentino L. Cuevillas, 2 baixo (Melide)
Tlf.: 881 973 307 - info@ccxestion.com

POR SER DE XUSTIZA

Os delitos de maltrato aos animais

Eva Novás
Avogada

Gústame moito unha frase que di que un país se pode xulgar pola forma en que trata os seus animais. O mesmo se di do corazón dos homes. Pese a que queda moitísimo por avanzar no asunto, pouco a pouco as normas vanse adaptando á conciencia da sociedade na loita contra o maltrato animal. Sucede como en todos os ámbitos, que por desgracia as leis sempre van un pouco por detrás das necesidades.

Aínda quedan os que pensan que se trata dunha cuestión menor ou incluso caprichosa e sen importancia. Por establecer unha comparación, as normas creadas para combater o maltrato animal reciben as mesmas críticas que no seu día recibiron as que pretendían erradicar a violencia de xénero: O maltrato percibíase como unha cuestión privada, doméstica. Máis se por riba se trataba dun animal, que era considerado unha mera cousa ou obxecto e a súa sorte dependía da protección que o seu dono lle quixese dar. Pode parecer esaxerada a comparación pero constatouse que existe relación entre ambos tipos de violencia, pois verificouse un gran número de casos de crueldade contra os animais nos casos de violencia de xénero, como forma dos maltratadores de causar una maior dano psicolóxico ás vítimas.

Por esta razón, no ano 2015 modificouse o Código Penal e introduciuse o delito de maltrato animal, castigándose con penas de prisión de entre tres meses e un ano a aquel que por calquera forma ou procedemento maltrate de forma inxustificada a un animal doméstico ou amansado ou ós que normalmente están domesticados ou vivan baixo o control humano. En caso de condena, o autor será inhabilitado por tempo de entre un a tres anos para ter animais, comerciar con eles ou dedicarse a profesións que teñan relación con eles. Se o animal morre a causa do maltrato, as penas de prisión poderían chegar ós dezaoito meses e a inhabilitación ós catro anos.

Tamén se castiga o abandono ou a exposición do animal a condicións nas que poida perigar a súa vida e integridade así como o maltrato e abuso dos animais domésticos ou de calquera outro en espectáculos non autorizados. Respecto aos espectáculos, e aínda que estean autorizados, pensemos en que condicións se atopan ás veces eses animais ou cal será a forma de conseguir "amansar as feras".

Nesta liña, en decembro do ano pasado aprobouse por unanimidade en España que os animais deixasen de ter a consideración de cousas ou obxectos para ser considerados seres vivos dotados de sensibilidade e dignos de protección xurídica. Tanto é así que incluso nas crises matrimoniais se poderá regular e pactar a custodia dos animais domésticos.

Por último, compre saber que calquera persoa que teña coñecemento ou presencie un caso de maltrato animal pode denuncialo ante as autoridades, xa sexa ante a Garda Civil, a Policía ou ante o Xulgado de garda. As Forzas e Corpos de Seguridade, ademais de concienciadas, están preparadas para intervir nestes casos, actuando de oficio se constatan feitos deste tipo e orientando ós cidadáns nos pasos a seguir. Se é posible, é aconsellable recoller e aportar o maior número de probas, como gravacións, fotos, etc., así como todos os datos dos que se dispoña, o que facilitará a intervención. Ademais das autoridades, como é o caso do Seprona no ámbito da Garda Civil, cada vez existen máis organizacións e asociacións que se encargan de colaborar neste tipo de denuncias e incluso aplicacións que o permiten facer dun xeito doado a través da internet, como a que pon a disposición o partido Pacma, chamada "Yo denuncio".

Do mesmo modo, en moitos Colexios de Avogados hai comisións e seccións especializadas e, aínda que non dispoñan dunha específica, orientarán de forma gratuíta a quen se achegue a comunicar un caso así.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

marmolería melide

ESPECIAL BAÑOS

- Sustitución de bañera por plato de ducha
- Platos a medida. Fabricación propia
- Paredes sin juntas con formato grande de 'Techlan' o 'Dektom'

¡¡¡¡Recuerda, elimina tus viejos azulejos por los nuevos formatos sin juntas!!!!

OTROS TRABAJOS

- Fachadas ventiladas
- Fachadas Sate
- Fachadas de piedra, granito, dektom o Tecklan
- Fachadas y muros de perpiaño
- Columnas, balaustres

TRABAJOS EN CEMENTERIO

- Revestimientos de nichos
- Grabado de placas
- Chapas de acero
- Letras de acero, bronce y porcelana

ESTAMOS EN:

Parque Empresarial La Madanela, Parcela 42
15.800 MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 505 518
Fax.: 981 505 518
e-mail: marmolmelide@gmail.com

Anúnciate no Cerne

Búscase persoal para Restaurante Marisquería San Roque

Interesados chamar ao 981 50 70 37, ou pasar polo local

(Avenida de Lugo, 52 - Baixo, Melide · A Coruña)

San Roque

CUIDE A SU CLIENTE, EVITE SANCIONES.

- ✓ Control de plagas
- ✓ Formación Manipulación Alimentos
- ✓ Campaña 2017 de Legionella
- ✓ Gestión de alérgenos
- ✓ APPCC

Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
www.plagostel.com

698 179 968

A Xunta inviste preto de 700.000 € na reparación de 43 vivendas públicas

A conselleira de Infraestruturas lembrou en Melide que tamén se está a reforzar a seguridade na travesía da AC-840

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, trasladouse a Melide para supervisar as obras de mellora enerxética que se están a desenvolver en 43 vivendas de promoción pública nas que o departamento que dirixe está a investir preto de 700.000 euros.

Os traballos que se están levando a cabo nos dous bloques de vivendas construídos pola Xunta na praza José Cándido Paz Ares realízanse en dúas fases. A principios de marzo comezaron as obras de illamento en 20 vivendas, correspondentes ao bloque de edificios 4, 5 e 6, e agora veñen de iniciarse os traballos para a mellora doutras 23 vivendas, neste caso nos números 1, 2 e 3.

Segundo explicou Vázquez as reformas consisten "no revestimento da fachada coa colocación dun sistema de illamento térmico polo exterior dos dous bloques de edificios, así como na reparación de cubertas ou renovación de luminarias"; unha intervención que "permitirá incrementar, polo menos nun 20 por cento, a súa eficiencia enerxética", indicou.

O prazo previsto para a execución das obras é de catro meses, polo que segundo avanzou a conselleira "deberán estar rematadas este verán".

Obras na AC-840

Ethel Vázquez lembrou durante a súa visita que tamén se está a traballar na mellora dos pasos de peóns, ampliando beirarrúas e reforzando a sinalización na travesía de Melide (estrada AC-840 ao seu paso pola vila); unha actuación que se prevé estea lista no mes de abril.

Estas melloras suporán un investimento de case 60.500 euros e incrementarán a accesibilidade para peóns no tramo da travesía da estrada autonómica AC-840 no PK 60 ata o 51.

Ao mesmo tempo que se está mellorando ese treito da AC-840 á altura da Ronda de Pontevedra, o Concello de Melide tamén realiza actuacións para mellorar a seguridade viaria no cruce con determinadas rúas que teñen intersección con esta estrada, tales como a Avenida de América, a rúa Melide Di Lugano, e a propia intersección da Rúa Vigo e Rúa Euskadi no cruce coa rúa Irmandiños.

A actuación de máis investimento, case 24.000 euros, será destinada á Ronda de Pontevedra onde se procederá, unha vez rematadas as obras, á reorganización do tráfico rodado e do propio aparcadoiro.

Foto: cedida

Ethel Vázquez estivo acompañada polo delegado da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, e a alcaldesa de Melide, Dalia García

No momento de comezar as obras a alcaldesa de Melide, Dalia García, fixo especial fincapé en que os traballos desenvolvidos nesta estrada "pretenden priorizar ao peón fronte ao tráfico rodado".

Pola súa parte, a titular de Infraestruturas e Vivenda tamén anunciou en Melide que a consellería acaba de licitar as obras de reposición de servizos nesta mesma estrada AC-840, para minimizar os episodios de inundacións que se producen no centro urbano da vila; intervención que se desenvolverá ao longo de 9 meses e que está previsto se inicie ao remate do verán. "Actuacións importantes en materia de seguridade viaria e de calidade de vida para os veciños da contorna da AC-840", salientou Vázquez, e que supoñen un investimento de algo máis de 251.000 euros.

A Deputación destina case 180.000 € a humanizar a rúa Mateo Segade Bugueiro

Os populares de Melide, indignados, reivindican a obra como propia e o BNG recrimínalles o mesmo comportamento

A Deputación da Coruña, a través do seu Plan Único, financiará a humanización da rúa Mateo Segade Bugueiro, situada no centro urbano de Melide. Estas obras veñen de saír a licitación cun orzamento de 179.827 euros que achega integramente a institución provincial.

As obras de humanización pretenden poñer en valor esta rúa, renovando tanto as beirarrúas como a pavimentación da calzada, para dotala dun aspecto unificado co resto da zona vella de Melide e mellorar os servizos básicos.

Neste senso, crearase unha pequena praza nas inmediacións da Igrexa que terá as funcións de espazo de acceso ao casco antigo, destacando o conxunto que forman as vivendas tradicionais e a fachada lateral da Igrexa do Sancti Spiritus.

Renovarase tamén o mobiliario urbano coa plantación de varias árbores e a instalación de bancos de granito.

O proxecto financiado pola Deputación tamén prevé a instalación dunha rede separativa de saneamento e de recollida de augas pluviais en substitución da actual, e o soterramento do tendido de subministro eléctrico, de iluminación pública e de telecomunicacións.

O PP de Melide reivindica a obra como propia

Despois de que a Deputación dese a coñecer a intervención prevista, o grupo popular de Melide instou á "ética política e á transparencia" ao ente provincial xa que, segundo explicaron a través dun comunicado, "é o goberno local quen escolle e propón a obra de Mateo Segade Bugueiro cun orzamento de 179.000 mil euros dentro das actuacións previstas no plan de obras".

Dende o PP local cualificaron a comunicación de "un auténtico despropósito" e, indignados, invitaron á Deputación "a non mentir descaradamente aos melidenses".

O BNG de Melide recrimínalle ao PP os mesmos feitos

A indignación do grupo popular de Melide tivo resposta na oposición, e é que segundo indicou o portavoz do BNG no Concello, Xesús Pereira, o PP de Melide amosouse "terriblemente ofendido por unha actuación da Deputación que o seu propio goberno municipal fai continuamente".

"O curioso, por non dicir lamentable", indicou o voceiro nacionalista, "é que o goberno municipal de Melide ten unha longa experiencia en ocultar información, entre outras cousas, sobre os convenios que mantén coa Deputación, co fin de acadar dous obxectivos básicos: ocultar á cidadanía a colaboración do ente provincial por estar gobernado por outras forzas políticas, e dar a entender que actos financiados pola Deputación son froito do esforzo e traballo do propio goberno municipal".

A rúa Mateo Segade é unha das principais arterias da localidade

Como exemplo disto, Xesús Pereira fixo referencia ao convenio asinado entre Deputación e Concello para os espectáculos da Rede Cultural 2017. En dito convenio adxudicáronselle a Melide unha serie de espectáculos (algúns deles nas festas do San Roque), que a Deputación financiou na súa meirande parte "sen que nin Concello nin os seus colaboradores da Comisión de festas desen cumprida información aos contribuíntes de Melide, -polos que tanto se desviven-, a pesar de que unha das cláusulas do devandito convenio obriga a 'indicar expresamente' nos soportes de difusión, a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña", indicou Pereira.

Con este exemplo o BNG de Melide quixo poñer de manifesto "unha vez máis, cal é o xeito de facer política do PP, unha política asentada no escurantismo máis profundo, no 'aquí mando eu', no engano e nas verdades a medias".

SMART TONIC®
LA ESTRELLA DE LAS GAFAS

1 GAFA SMART TONIC® Y 2 SMART CLIPS a elegir entre:
Clip Polarized, Blueblock, Nightdrive, Sun, Precision y 3D*.
MODELOS PARA HOMBRES, MUJERES Y NIÑOS.

* La oferta SMART TONIC® incluye 1 montura SMART TONIC® y 2 Smart Clips con P.V.P máx. recomendado de 149€. P.V.P máx. recomendado por cada clip adicional: 20€.
Válido en ópticas ALAIN AFFLELOU de España y Andorra del 19/02/2018 al 31/12/2018. Ver condiciones en óptica.

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97

EN EXCLUSIVA EN
ALAIN AFFLELOU

A Asociación Veciñal Melidá pide explicacións sobre a área fluvial

A través dun escrito denuncian que o Concello permitiu o baño na praia fluvial de Furelos pese á calidade "insuficiente" da auga

Praia fluvial de Furelos

A Asociación Veciñal Melidá vén de rexistrar un escrito no Concello de Melide no que se lle piden explicacións ao goberno local por ter permitido o baño na área fluvial de Furelos, a pesar de existir documentos oficiais que desaconsellaban facelo.

Segundo informaron, a AVM tivo acceso ao informe emitido pola Dirección Xeral de Saúde Pública, dependente da Consellaría de Sanidade, que cualificaba a calidade da auga da praia fluvial de Furelos como "insuficiente", nos anos 2016 e 2017, por presenza de enterococos intestinais e *Escherichia Coli*. "Segundo o informe de Saúde Pública, cando unha auga de baño sexa cualificada como insuficiente, a autoridade competente velará para que se adopten medidas de xestión axeitadas, que incluirán a prohibición do baño ou a recomendación de absterse deste para evitar a exposición dos e das bañistas á contaminación. Ademais, a normativa obriga a que, diante da cualificación de insuficiente das augas, o Concello deba determinar as causas polas que a calidade non é suficiente, traballar para reducir ou eliminar esas causas e informar á poboación ao respecto".

"A pesar destas recomendacións, a xente bañouse con normalidade na praia de Furelos nos anos 2016 e 2017", indicaron. "Se xa é de extrema gravidade que o Concello de Melide non informase á poboación de que a calidade das augas non reunía suficientes garantías de salubridade para o baño; é totalmente inaceptable e denunciable que anunciase, ambos anos, que a calidade era "suficiente", mentindo e poñendo en risco a saúde das persoas que se bañaron na área fluvial de Furelos".

Contradicións

Diante da "gravidade destes feitos", dende a AVM, a través do escrito rexistrado, interpélase ao Concello de Melide para que explique "como é posible que a información dada aos bañistas fose dunha calidade de auga suficiente nas dúas tempadas ás que se fai referencia, contradicindo a clasificación feita polo organismo competente". Tamén se lle pide ao goberno de Dalia García Couso que explique, a maiores, "cales son as causas que fan que a calidade das augas do Furelos non acaden nin a cualificación de "suficiente" e que medidas e actuacións se están a desenvolver polo Executivo melidense co fin de mellorar a calidade das augas de cara á vindeira tempada estival".

Un problema de cara ao verán

Dende o colectivo veciñal esperan agora que o Concello de Melide "faga todo o necesario para solucionar este grave problema que, ademais das súas preocupantes consecuencias sanitarias, podería ser nefasto para a economía local e, en concreto, para o sector turístico se, finalmente, non se soluciona e se clausura a zona de baño do Furelos", concluíron.

O Concello defende que se cumpriu a legalidade

Dalia García pola súa parte, defendeu que "aínda que o informe, por unha fórmula matemática diga calidade 'insuficiente', iso non significa que non se cumpra cos parámetros que ten que ter a auga, significa que temos que mellorar a 'suficiente' porque hai que aprobar, pero sería unha irresponsabilidade flagrante do equipo de goberno deixar bañar á xente se non se cumprisen os parámetros que marca a lei, e que se cumpriron escrupulosamente durante toda a temporada de baño".

A rexedora municipal lembrou que este tema xa foi asunto de debate no Pleno e asegurou non entender o motivo da polémica nestes momentos: "non sei se é crear polémica sobre unha zona, sembrar dúbidas ou chamar a atención; non entendo porque se denuncia agora e non cando se estaba bañando a xente, porque daquela non houbo ningunha denuncia".

Dalia García tamén indicou que "os resultados están aí para mirar, co cal irresponsabilidade do goberno ningunha e cumprimento total da lei, ademais eu xa dixen que no momento no que detectásemos calquera tipo de contaminación seríamos os primeiros en dicilo, porque non ten sentido ningún facer algo en contra de nós mesmos".

Unha App gratuíta para recibir información municipal

O Concello de Melide acaba de poñer en marcha "Melide informa", unha App gratuíta para dispositivos móbiles e tabletas, que permitirá a todos os veciños recibir de forma inmediata toda a información municipal de interese, como por exemplo bandos, anuncios e diferentes novas. A App xa se pode descargar totalmente de balde na tenda de aplicacións de Google Play, buscando polo nome "Melide Informa", para os usuarios e usuarias da plataforma Android; ou na App Store, buscando "Bandomovil", para os dispositivos con IOS de Apple. Unha vez descargada esta aplicación nos móbiles con sistema operativo IOS, bastará con seleccionar "Melide Informa". Trátase dunha aplicación moi sinxela estruturada de forma que o veciño ou veciña poida configurala e usala de acordo coas súas necesidades ou intereses. Conta con varias seccións como notificacións emerxentes sobre cultura e ocio, horarios, servizos, novas e información xeral. Unha información que se complementa cunha axenda de actividades e cunha lista telefónica.

FOTODENUNCIA: Chove sobre mollado...

Nunca choveu que non escampara, pero mentres non escampa a escena repítese unha e outra vez. Unha nova vertedura próxima ao IES de Melide –na Avenida de Compostela– é o que denunciou días atrás o voceiro socialista no Concello de Melide, José Antonio Prado, quen unha vez máis tivo que dar parte aos servizos do 112 do que estaba a acontecer. E é que como adoita pasar cada vez que as chuvias son abundantes, as estacións de bombeo non dan abasto e as augas fecais saen ao exterior. Ademais da vertedura na estación de bombeo da Avenida de Compostela tamén se produciron desbordamentos na estación que se atopa na contorna do cemiterio de Santa María e, na mesma parroquia, na situada próxima ao Camiño de Santiago.

O PSdeG-PSOE leva a problemática do solo industrial o Parlamento

As deputadas socialistas Begoña Rodríguez Rumbo e María Pires trasladáronse ata Melide para visitar, en compañía do voceiro socialista no Concello, José Antonio Prado, o polígono industrial da Madanela. O obxecto desta visita non foi outro que comprobar en primeira persoa as limitacións do parque empresarial e informar das iniciativas que "rexistraron no Parlamento de Galicia para que a Xunta, explique que solucións pensa adoptar sobre a limitación e a necesidade de máis solo industrial en Melide". No propio polígono da Madanela foron informadas polo voceiro local da "mala xestión e mantemento do parque empresarial por parte do Goberno local, que non soluciona dende o ano 2011 que gobernan, os importantes problemas que presenta". "Despois de reunirse cos empresarios e coincidir no mesmo diagnóstico, de conseguir o apoio do presidente da Deputación da Coruña e de que o Goberno local votase en contra dunha moción presentada ao pleno solicitando solucións sobre o problema, os socialistas de Melide damos o penúltimo paso, que é implicar ao Parlamento de Galicia", apuntou Prado.

A feira do gando en Melide: pasado, presente e futuro do que foi un referente en Galicia

"A feira do gando de Melide foi na súa época a máis importante e a mellor de toda Galicia en canto a tenreiros se refire. Celebrábase o último domingo do mes, habíaa tamén polo día 15 pero xa era máis pequena. Pero o día grande da feira había moitísimo gando, e moito do que se vendía xa daquela ía para Asturias e tamén destacaban as exportacións para Barcelona e Madrid. Ademais, viñan os tratantes todos de Ourense porque era unha feira importantísima, había gando para todos, viñan moitos carniceiros de Vigo e arredores; compradores de toda Galicia vamos". Así a recorda Saturnino López que, a piques de cumprir 88 anos o vindeiro 9 de maio, traballou toda a vida como tratante de gando vacún. "Meus avós xa se dedicaban a isto, e meu pai foi un exportador moi grande de gando, tanto a diferentes puntos de Galicia como do resto de España". Saturno, que así o coñecen os seus achegados, comprou o seu primeiro becerro no ano 1940, con tan só dez anos de idade. "Empecei con meu pai cando tiña dez anos e indo con el á feira de Betanzos comprei alí o meu primeiro becerro. Acórdome que foi no ano 40".

Sobre estas liñas: instantánea da feira do gando celebrada en Melide arredor do ano 1915. Á dereita apréciase -escasamente- o palco da música; máis no centro, a igrexa parroquial e a casa de Quinzán; e á esquerda, a antiga igrexa de San Roque. (Foto: Arquivo Pereiro)

Nese momento comezou a súa andaina profesional como tratante de gando. "Lembro ademais que o gando do mercado de Melide era moi bo, dunha calidade espectacular. Eran uns becerros de leite moi bos e a carne especial, tal e como segue sendo hoxe en día. Ten en conta que por aquí, ademais de en Melide, hai moi boas zonas de gando como por exemplo no concello de Toques, no concello de Santiso e tamén na zona de Agolada, que xa daquela eran as zonas onde podías atopar o mellor gando da contorna".

· Centos de reses

Ao igual que Saturno son varios os tratantes que coinciden en destacar o importante volume de gando que chegou a ter a feira de Melide. "En anos pasados puido chegar a haber centos de reses. Despois, tras unha reforma das instalacións xa a tendencia foi a menos. O que si, a feira de Melide era unha das máis importantes de Galicia, á que viñan compradores de todos os lados da comunidade e sobre todo de Asturias", apunta Ignacio, tesoureiro da Asociación de Tratantes de Gando de Galicia (Astragal).

O mesmo coinciden en sinalar Jaime Cabo e José Peteiro, que levan toda unha vida traballando como tratantes de gando vacún. "Iso agora baixou, un domingo pode haber 11 tenreiros, e sen embargo eu acórdoa chea de reses, era a mellor de Galicia, e o gando tiña que quedar fóra porque non collía dentro", di Jaime.

Non obstante, co paso dos anos a feira do gando de Melide experimentou un importante descenso. "O que pasou é que os labregos foron a menos, foron desaparecendo. E para o que eu entendo isto xa non ten futuro", explica Saturno. "O mercado foi perdendo porque a xente tamén prefire vender na casa e non pelexar co gando na feira, e todo suma para que se vaia perdendo e desaparecendo", engade Peteiro.

Unha visión semellante comparte Ignacio, quen tamén atribúe ás grandes compañías parte desta responsabilidade: "perdeuse a feira porque houbo e hai un cambio de tendencia que depende de moitos factores, como por exemplo que os sistemas de produción e comercialización son distintos. Agora imos todos a comprar ás grandes superficies aínda que ao mellor perdamos calidade, e iso xa é moi difícil de cambiar". Pero o factor xeracional tamén influíu, xa que tal e como sinala Jaime "a xente maior era a que viña cos animais, e iso foise perdendo. Ademais, antes viña á feira quen tiña seis, sete ou oito vacas, pero agora unha persoa que ten unha explotación de 150 vacas non che vén á feira con elas, mándaas directamente para o matadoiro. É unha pena porque as feiras nos pobos daban moita vida".

· Un mercado gandeiro abocado á desaparición

A idea de que a feira do gando de Melide poida chegar a desaparecer totalmente semella máis próxima a unha realidade que a unha opinión, ou polo menos esa é a sensación máis xeneralizada entre os que se moven neste mundo. Sentimentos de desánimo é o que reflicten as súas palabras, tal e como relata Saturno: "como non se lle bote unha man claro que chega a desaparecer, e ademais non creo que tarde moito. Iso que para min Melide é como os gatos, ten sete folgos, pero acabará morrendo como non miren por ela. Se houbese políticos fortes que se aconsellasen con quen de verdade sabe, a feira non morría de ningunha maneira, porque tiña moita fama e moito gando, aquí viña todo o mundo a comprar". E o mesmo pensan os demais: "o mercado gandeiro de Melide xa está morto, non é que vaia a desaparecer, é que xa desapareceu", "eu creo que chegou a un punto tan baixo que xa é moi difícil de recuperar; pasou na Agolada, pasou en Monterroso, pasou en Palas de Rei, en Sarria, e pasará en Melide", ou "non é que poida chegar a desaparecer, senón que xa está pasando e non tarda en facelo; ademais, o día que peche Santiago irá todo para poxa en Silleda", din os tratantes.

· Recuperar a feira cun sistema semellante ao de Silleda

Ante esta situación e tratando de dar cun remedio capaz de reactivar o mercado gandeiro en Melide, moitos coinciden en sinalar que unha posible solución sería a de incorporar á feira local un sistema semellante ao de Silleda. "O que ao mellor se puido haber feito no seu momento foi implantar en Melide un sistema coma o que ten agora Silleda. Naqueles tempos ao mellor prexudicábanos algo aos tratantes, pero a longo prazo conseguiría que non morrese a de Melide. Pena que non houbese gobernantes que se preocuparan de mirar pola feira e tratar de actualizala, de modernizala. E nós tamén temos parte de culpa porque cada un anda ao seu e isto interesábanos a todos, non miramos por ela os tratantes, nin as autoridades, nin ninguén", explica Saturno.

Outra alternativa sería a de acoller en Melide a feira de Santiago no caso de que esta desaparecese. "Se nun futuro trouxeran a de Santiago para Melide claro que sería bo para o pobo, aínda que iso require un gasto enorme e habería que facer unha gran inversión", apunta Jaime; reflexión coa que coincide Peteiro: "se trouxeran a de Santiago claro que axudaría ao pobo, de chegar a desaparecer a de Santiago sería moi bo que viñese para Melide, porque esta vila é un sitio céntrico en Galicia. Pero claro, as administracións tamén deberían mirar por iso, se as administracións non botan unha man é practicamente imposible recuperar o mercado gandeiro de Melide".

Dende o Cerne houbéranos gustado compartir nesta reportaxe algúns datos sobre o movemento de gando que acolle nos últimos anos o mercado gandeiro local, pero tras varias peticións ao Concello de Melide foi imposible dispoñer deles.

As reivindicacións dos funcionarios do Concello de Melide chegan ao Pleno

A oposición pídelle á alcaldesa que afronte con responsabilidade a negociación colectiva e que se reúna cos traballadores

A problemática existente en relación á negociación colectiva dos funcionarios do Concello de Melide chegou tamén ao último pleno a través dos rogos da oposición. No caso do PSOE, segundo explicou o voceiro socialista, José Antonio Prado, "transmitímoslle á alcaldesa que non se pode estar facendo política dende promesas e mentiras, que é o que levan facendo dende o ano 2013, xa que nunca se reuniron cos traballadores ata que a oposición llo pediu insistentemente; por iso lle esiximos agora que se reúna cos traballadores para poder abrir canles de negociación".

As reivindicacións dos funcionarios pasan dende hai anos por unha consolidación de emprego real, o establecemento dun convenio laboral coa especificación das funcións a desempeñar en cada posto e un aumento nos salarios.

Unha primeira reunión

Fontes consultadas indicaron a boa disposición da alcaldesa de Melide, Dalia García, para sentarse a negociar, tras manter unha primeira toma de contacto cos sindicatos. Non obstante, traballadores do Concello xa aseguraron que se manterán alerta e á expectativa de como se vaia desenvolvendo a negociación.

Pola súa parte, o BNG tamén instou ao Concello "a que afronte con responsabilidade a negociación colectiva" e realizou numerosos rogos como o de redefinir o servizo do comedor dos colexios para facer fronte ás demandas das familias afectadas, restabelecer de inmediato as pistas que están en mal estado despois da invernía, ou garantir a franxa de protección das vivendas e deseñar campañas de sensibilización para o cumprimento da normativa no marco da erradicación de lumes forestais, entre outros.

Mocións sen debater

Por outra banda, o portavoz socialista indicou que, tras presentar unha moción para apoiar as mobilizacións que se están a levar a cabo con motivo das pensións, "esta nin sequera se debateu coa escusa de que a presentamos a última hora e de que son cousas xerais que non afectan a Melide", indicou.

O Partido Socialista tamén reclamou medidas urxentes para solucionar os problemas coa rede de saneamento en Melide e propuxo dar resposta á cada vez máis elevada demanda de comedores escolares, unha medida que, dixo, "axudaría realmente á hora da conciliación familiar e laboral".

Obras no Camiño Francés ao seu paso por Melide

O goberno local deu luz verde ao proxecto de mellora da pista de O Carballal, entre outras, no núcleo de Santa María de Melide, unha parroquia significativa do Camiño Francés ao seu paso pola vila, e na que existe un núcleo urbano habitado moi importante. A actuación acometerase nos próximos meses despois de obter xa os permisos necesarios e tan pronto as condicións meteorolóxicas o permitan. Segundo indicaron dende o Concello, "son obras moi necesarias dadas as condicións que posúe o firme neste momento, moi deteriorado polo paso dos anos á altura do núcleo de O Carballal, así como a pista que circunvala á Igrexa coa N-547, que tamén posúe un firme en mal estado". Ditas actuacións supoñerán un investimento de máis de 60.000 mil euros que serán sufragados polas arcas municipais.

Saneamento en Santa María - O Rañado

O Concello de Melide aprobou en Xunta de Goberno Local o proxecto de Augas de Galicia para solucionar os problemas de saneamento en Santa María-O Rañado. Segundo explicou a alcaldesa de Melide, Dalia García, trátase "dun proxecto moi demando polos veciños da zona de Melide situada no trazado na N-547 e que supón unha mellora importante no medio ambiente". Ao mesmo tempo a alcaldesa agradeceu "os esforzos da Xunta e de Augas de Galicia así como o dos veciños, xa que o proceso non se fai con expropiacións senón con cesións de paso". Está previsto que en breve comecen os trámites para a licitación da obra, así como a súa execución ao longo deste 2018. As obras teñen un custe de 175.000 euros.

Unha melidá participa en Washington no principal congreso mundial sobre terra

A galega Iria Buxán Raposo, consultora do Banco Mundial para rexistro da propiedade e catastro, e cofundadora de Gabinete Cartotec SL (empresa con sede en Melide especializada na xestión catastral e do territorio), participou por segundo ano consecutivo nunhas prestixiosas conferencias anuais sobre gobernanza territorial organizadas polo Banco Mundial.

Este encontro celebrou entre o 19 e o 23 de marzo a súa 19ª edición en Washington DC, Estados Unidos. Baixo o lema "Gobernanza da Terra nun mundo interconectado" máis dun milleiro de participantes, a incluír ministros e delegados de gobernos de todo o mundo, académicos, representantes de organizacións internacionais e de empresas

Iria Buxán durante a súa participación nas conferencias

punteiras neste sector a nivel mundial, debateron durante toda a semana sobre unha ampla variedade de temas vencellados á xestión da terra; cuestións que en moitos casos afectan a Galicia.

A presenza de Buxán no encontro é aínda máis destacada tendo en conta que a representación do Estado Español nestas conferencias é anecdótica.

Iria Buxán, melidá de 32 anos, é licenciada en Ciencias Políticas especializada en licitacións e relacións internacionais.

XIII Campionato de pesca

O pasado sábado 7 de abril celebrouse en augas do Furelos o XIII campionato de pesca "Terra de Melide", que contou coa participación de pescadores chegados de diferentes puntos da comarca e arredores. Tal e como estaba previsto, o campionato comezou ás 8.30 e rematou ás 13.00 horas. O total de pezas capturadas neste caso foi de 31 troitas, resultando como gañador David López, de 14 anos e procedente de Palas de Rei, con 5 troitas. O segundo posto foi para Manuel Sánchez, tamén con 5 troitas, mentres que o terceiro foi para Adrián Varela, con 4 troitas; ámbolos dous de Melide. O premio á captura de maior tamaño foi para Juan Lamas, de Sobrado, cunha captura de 51 cm. A xornada concluíu cun xantar ao que acudiron participantes e organizadores. O presidente da Asociación organizadora, Xavier Pazo, manifestou a súa satisfacción polo grao de participación a pesar dos malos agoiros que a meteoroloxía parecía anunciar.

1º, 2º e 3º clasificado, e peza máis grande

Fomento comeza as obras do treito Melide-Arzúa, o último da A-54

A actuación conta cun investimento total de máis de 100 millóns de euros e previsiblemente estará en funcionamento no ano 2022



Sobre estas liñas podemos ver en que estado se atopa cada tramo da Autovía A-54

O ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, presidiu en Arzúa o acto simbólico de colocación da primeira pedra das obras do tramo enlace de Melide Sur – enlace de Arzúa Oeste da autovía A-54 entre Lugo e Santiago, que discorre polos termos municipais de Arzúa, Santiso e Melide. Trátase do último tramo para completar o trazado da Autovía A-54; un tramo que discorre ao sur da estrada N-547 cun trazado case paralelo á mesma.

Co inicio das obras deste tramo, todo o trazado da A-54 está ou en servizo (tramos entre Lugo e Palas de Rei e Lavacolla-Santiago), ou en obras (tramos entre Palas de Rei e Lavacolla).

A inversión total da actuación ascende a 103 millóns de euros, incluíndo os orzamentos das asistencias técnicas de redacción de proxecto, control e vixilancia das obras e o importe estimado das expropiacións, e unha vez completados os máis de 90 quilómetros de Autovía, previsto para o ano 2022 se non se retrasan os prazos de execución, a A-54 conectará as cidades de Lugo e Santiago nun tempo sensiblemente inferior ao actual.

Durante a inauguración o ministro de Fomento indicou que "a A-54 é un eixo de gran importancia para a vertebración da Galicia interior que permitirá unir Lugo con Santiago mediante unha vía de alta capacidade, mellorando a seguridade, a comodidade e os tempos de percorrido dos tráficos de longo, medio e curto percorrido".

Pola súa parte, o presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, destacou que "co inicio das obras do último tramo da Autovía Lugo-Santiago, Galicia comeza a superar a gran materia pendente da conexión do interior co Eixo Atlántico".

Durante o acto Feijóo tamén precisou que "este treito, de case 17 quilómetros, permitirá aos usuarios ir de Santiago a Lugo nun tempo de 50 minutos, fronte á hora e media de agora; ademais de dar solución a un dos treitos de maior sinistralidade da rede estatal, situado nesta zona entre Melide e Arzúa".

Ao acto de colocación da primeira pedra tamén asistiron autoridades dos concellos de Melide, Santiso e Arzúa, entre outros.

O ministro de Fomento e o presidente da Xunta durante o acto que tivo lugar en Arzúa

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

A nova autovía permitirá mellorar a seguridade viaria da actual N-547, tanto rodada como peonil, onde na actualidade se rexistra un importante tránsito de peregrinos do Camiño de Santiago, eliminando ademais a travesía de Melide. A lonxitude deste novo tramo é de 16,38 quilómetros. Comeza en Melide, conectando no enlace de Melide Sur co tramo en obras da A-54 entre Palas de Rei e Melide, e remata no enlace de Arzúa Oeste, onde entronca co tramo tamén en execución entre Arzúa e Lavacolla. Constará de dúas calzadas separadas de dous carrís de 3,5 metros cada unha, beiravías exteriores de 2,50 metros e interiores de 1 metro, e mediana de 9 metros de ancho. Están proxectados así mesmo catro enlaces:

· Enlace Melide Sur coa estrada autonómica AC-840
· Enlace Santiso coa estrada CP-4603
· Enlace Arzúa Sur coa estrada AC-905
· Enlace Arzúa Oeste coa estrada N-547

Ao longo do trazado proxéctanse un total de 19 estruturas. Deseñáronse 8 viadutos sobre ríos e proxéctanse ademais 11 pasos superiores e 9 pasos inferiores. Ao mesmo tempo cumpriuse coa integración ambiental e coas prescricións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

O ministro anunciou a reparación "inminente" de varias estradas nacionais, entre elas a N-547

Aproveitando a súa visita para a colocación simbólica dunha nova "primeira pedra" da A-54, o ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, anunciou a realización "inminente" de diferentes obras para a rehabilitación do firme que se atopa máis danado en numerosas estradas galegas; concretamente na autovía A-6 e nas estradas N-540, N-547 e N-642 en tramos da provincia de Lugo. O orzamento previsto para estas actuacións é de 2,82 millóns de euros.

Para o minsitro de Fomento "as adversas condicións meteorolóxicas da campaña invernal 2017-2018 e os continuos temporais de choiva e neve contribuíron a acelerar o deterioro das estradas de titularidade estatal na provincia de Lugo", sen mencionar en ningún momento o mal estado no que se atopan dende hai anos.

Con esta inversión de case tres millóns de euros Fomento vai intervir agora nas seguintes Estradas da Rede do Estado en Lugo:

N-540
Está previsto actuar entre os puntos quilométricos 18+000 al 64+000 (Guntín a Carballedo).

N-642
Actuarase de forma urxente entre os puntos quilométricos 2+200 ao 7+900.
Ademais, nesta estrada, en A Mariña de Lugo entre Barreiros e San Cibrao, licitouse en xaneiro de 2018 a obra de rehabilitación estrutural do firme na estrada N-642, puntos quilométricos 26+950 ao 28+800 e 36+500 ao 55+000, en varios tramos, que se atopa actualmente en trámite de adxudicación.

Reparacións na A-6 e N-547.
Os tramos nos que se actuará reparando o firme son os seguintes:

Autovía A-6, do punto quilométrico 413+200 ao punto quilométrico 540+000 (dende Villafranca del Bierzo ata Guitiriz).

Estrada N-547, do punto quilométrico 18+700 ao punto quilométrico 42+600, (trátase do tramo que vai dende Guntín ao límite de Palas con Melide). Neste caso xa comezaron os traballos a principios do mes de abril no treito que une as localidades de Palas de Rei e Melide renovando o firme con aglomerado en quente.

O PSOE de Sobrado presenta unha moción de censura co apoio do PP

A alcaldesa defende que en todo momento houbo "diálogo" e afirma que coa moción quen perden son os veciños

Pleno do 4 de abril ao que non asistiron socialistas nin populares, pero si máis de medio cento de veciños

Tan só un ano despois de que unha moción de censura elevase a María Jesús García (Todos por Sobrado) á alcaldía de Sobrado dos Monxes, o PSOE presentou outra moción a finais de marzo co apio dun concelleiro do PP, Juan Vicente Aller –un edil que acaba de entrar na corporación hai unhas semanas para substituír ao voceiro anterior do PP, Jacobo Fernández– e que de saír adiante o vindeiro xoves 12 de abril deixará fóra a actual rexedora, outorgándolle de novo o bastón de mando ao socialista Lisardo Santos.

Tras presentar a moción, nin os concelleiros do PSOE nin os do PP asistiron ao pleno ordinario convocado o pasado mércores 28 de marzo, que tivo que ser posposto para o 4 de abril, sesión á que tampouco asistiron socialistas nin populares.

Para a alcaldesa a moción non ten obxecto xa que defende que en todo momento houbo diálogo. "Fai un ano que fixemos outra moción de censura por un pacto co Partido Popular, e chegados a este momento ese pacto non está funcionando, xa non desde este momento, senón dende o mes de xuño do pasado ano cando empezaron a votar por separado o PP; pero é que ademais agora no texto da moción din que non hai diálogo, que non hai democracia, cando nós fomos sempre os primeiros en propoñer que participasen en todas as decisións que se adoptasen, que nos deran ideas, consensuar calquera tema que se falara".

María Jesús García tamén afirmou que "nas últimas eleccións o Partido Socialista tamén lle prometeu aos veciños cambio, e de feito son consciente de que a xente votou cambio, un cambio que non chegou porque o Partido Socialista intentou manter exactamente o mesmo que é o que intentan agora. Sinxelamente creo que só queren o statu quo e esa política rancia de fai tantos anos, por iso presentan unha moción, para volver a ter o poder tanto o Partido Popular como o Partido Socialista".

Os veciños, os prexudicados

A actual rexedora municipal confía en que non prospere a moción do vindeiro xoves día 12 posto que "os máis prexudicados serán os veciños de Sobrado". García tamén explicou que na moción falan de "parálise total", algo co que non está de acordo: "Sobrado non leva paralizado o último ano, Sobrado leva paralizado 20 anos e iso vese na rúa e tamén o ve a xente. Máis neste último ano fixemos un esforzo tremendo por reavivar moitas cousas que hai que sacar adiante. Falan de parálise e non veñen aos plenos, non van ás xuntas de goberno, votan en contra, e todo iso a quen prexudica é ao pobo".

Á espera de ver como se resolve a moción, a alcaldesa afirmou que de prosperar continuarán co seu labor ao outro lado. "Eu espero que a moción non prospere, pero se saíse adiante estaremos no noso sitio aí sentados e asistiremos aos plenos, non deixaremos aos veciños plantados nin aos compañeiros, porque ao fin e ao cabo representamos a uns votantes".

Recollida de firmas e unha auditoría

Ao pleno do pasado 4 de abril tan só asistiu Todos por Sobrado e máis de medio cento de veciños que acordaron iniciar unha recollida de firmas en contra da moción e para solicitar unha auditoría do Concello.

O PP provincial desautoriza a moción

A dirección do Partido Popular da provincia da Coruña manifestou o seu rexeitamento á moción de censura presentada polo PSOE en Sobrado para desbacar da alcaldía, co apoio de Juan Vicente Aller, á actual rexedora.

Os populares aseguraron que dende o momento no que tiveron coñecemento desta posibilidade "a dirección do partido na provincia tentou por todos os medios evitar que se levase a cabo unha moción" que cualificaron de "inxustificable a todos os niveis".

O presidente popular provincial, Diego Calvo, insitiu en que a súa formación "está completamente en contra deste tipo de comportamentos" e acusou tanto a Jacobo Fernández como ao resto de concelleiros populares de Sobrado de "antepoñer intereses persoais aos intereses do partido".

Así mesmo, Calvo instou ao secretario xeral do PsdeG, Gonzalo Caballero, a pronunciarse canto antes sobre este asunto e aclarar se apoia ou non a moción de censura.

AXUDAS Á REDE NATURA 2000

A Xunta habilitará unha liña de axudas por case dous millóns de euros para fomentar a reforestación de zonas Rede Natura 2000 con carballos e bidueiros. A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio avanzou esta nova medida dentro do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020, para avanzar nos compromisos medio ambientais e de cambio climático. Así mesmo, indicou que o obxectivo é ampliar os complexos de turbeiras e queirogais húmidos, debido a súa importancia ecolóxica e ao papel que xogan na mitigación do cambio climático. Fomentarase a eliminación e substitución de eucaliptos por frondosas para protexer as 6.100 hectáreas de turbeiras e as 15.000 hectáreas de queirogais húmidos distribuídas en 33 zonas de especial conservación (ZEC) en Rede Natura 2000, como por exemplo no concello de Toques (ZEC Serra do Careón).

DESCENDE O PARO NA COMARCA

CONCELLO	PARADOS MES ACTUAL	PARADOS MES ANTERIOR	VARIACIÓN
MELIDE	439	468	-29
SANTISO	90	95	-5
SOBRADO	68	72	-4
TOQUES	62	62	0
TOTAL	659	697	-38

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

CVV INFORAID

CONSULTORÍA:

- Información alérgenos
- Implantación sistema APPCC
- Implantación de sistemas de gestión
- Tramitación de subvenciones
- Protección de datos

FORMACIÓN:

- Fitosanitarios (homologado por Medio Rural)
- Curso prevención de Legionela (homologado por Sanidad)
- Seguridad alimentaria: Manipulador, alérgenos, sistema APPCC, valor nutricional, etiquetado...
- Primeros Auxilios

Rúa Nova, 2 - Bajo, 15821 Arca (O Pino) • Tlfns.: 981 81 23 43 / 620 786 326

La frutería de Celia

- Elaboramos cestas de froita por encargo
- Legumes de calidade a granel
- Verdura do país
- Chourizos, queixo e mel
- Froita e verdura fresca todos os días

981 50 79 38

Cantón de San Roque nº3 bajo
15800 Melide (A Coruña)

TOQUES
Panadería
Pastelería
Cafetería

Especialidad en empanadas y tartas variadas.

Pollos asados para llevar.

Avda. de Lugo, 31 - Melide (981 50 51 81) / Souto - Toques (981 50 48 80)

XXVII Festa do Melindre (Melide) 12 e 13 de Maio

Asoc. Repostería Tradicional
MELIDE
TERRA DOCE

XXVII Festa do Melindre (Melide)

12 e 13 de Maio

Café - Pastelería Estilo

pastelería TRISQUEL

PANADERÍA TAHONA

Repostería tradicional
CASA MELCHORA
MELIDE

O PP de Santiso denuncia o mal estado dalgúns accesos no municipio

Responsabilizan ao goberno local da falta de mantemento e reclaman a súa reparación “de forma urxente”

Fochancas en Barazón

A portavoz do grupo municipal do Partido Popular no Concello de Santiso, Matilde Pallares, denunciou o “lamentable estado de conservación” no que se atopan os accesos a varios núcleos de poboación do municipio e responsabilizou ao goberno local da falta de mantemento destas zonas.

A popular aproveitou para manifestar os problemas que “dende fai tempo, padecen os veciños á hora de poder acceder ás súas casas e para desprazarse aos negocios locais”. “Estamos a falar de zonas como o núcleo entre Barazón e o Mesón Muíño das Canizas polas que, cando chove, é case imposible pasar andando polo número de charcos que existen e que, en coche, é toda unha aventura polas fochancas que hai”, denunciou Matilde Pallares.

A popular, que reclamou o arranxo urxente desta vía, lembrou que “hai dous anos que o executivo local levou a cabo traballos de asfaltado nestas zonas e non se deberon facer moi ben cando hoxe a estrada é un auténtico desastre”.

Así mesmo, a portavoz dos populares en Santiso insistiu en que os veciños da parroquia de Arcediago “continúan padecendo os buracos que aparecen na rede de sumidoiros, sen que o goberno local tome medidas para solucionar o problema”.

Taxas municipais

Por outra parte, dende o Partido Popular de Santiso celebraron que o goberno local “tivese en conta no pleno ordinario celebrado, as alegacións presentadas polo PP para impedir que a taxa para os servizos de verificación dos requisitos urbanísticos para a concesión de licenzas se pagase sobre o 37% do orzamento da actuación”.

Ademais, os populares amosaron a súa satisfacción despois de que o executivo municipal “non levase a cabo a súa proposta para cobrar pola licenza de reapertura dun establecemento ao titular que, no seu día, solicitase esta petición, a condición de que, a pesar do cesamento temporal da actividade, a licenza non caducase”.

Pleno ordinario

Ademais da liquidación do orzamento 2017, no pleno ordinario do mes marzo celebrado no Concello de Santiso debatéronse diferentes mocións como a presentada polo Partido Socialista de Santiso para a retirada do anteproxecto de modificación da Lei Galega de Saúde do ano 2008, ou as presentadas polo Partido Popular para apoiar e defender a prisión permanente revisable, para apoiar ás forzas e corpos de seguridade do Estado como garantes de Estado de dereito así como equiparar os seus salarios, e tamén outra moción en relación ao día 8 de marzo instando a sumarse á igualdade real de xéneros.

Axuda co “catastrazo” aos veciños de Santiso

O Concello de Santiso está a ofrecer axuda aos veciños afectados polo denominado "catastrazo" que necesiten alegar ante os posibles erros nas notificacións catastrais. Para iso puxo un técnico a súa disposición para o que é preciso pedir cita chamando ao teléfono 981 81 85 01. Ante a masiva demanda de citas que tivo este servizo de asesoramento, dende o Concello decidiron ampliar dous días máis o servizo. Deste xeito, as citas poderán solicitarse de novo para o **mércores 11 e xoves 12 de abril**, datas nas que de novo volverá a haber un técnico no Concello. O número de teléfono para pedir cita continúa a ser o mesmo.

Pleno no Concello de Toques e IV Gala de Patinaxe

No pleno ordinario celebrado no mes de marzo no Concello de Toques tratáronse diversos asuntos. Así por exemplo, aprobouse a liquidación do orzamento do ano 2017, ademais dun recoñecemento extraxudicial dunhas facturas pendentes do pasado ano. Tamén se aprobou unha ordenanza fiscal reguladora de taxa pola prestación de servizos técnicos; que tal e como explicou o alcalde, Miguel Buján, “cando se certifica unha obra que se fai, a partir de agora será o Concello o que cobre a taxa pola expedición desa certificación, para despois abonarlle á empresa que certifique”. A maiores tamén se aprobou a desafectación dun camiño público, “un camiño sen utilidade para unir a algunha finca máis”.

IV Gala de Patinaxe

O vindeiro sábado 14 de abril terá lugar no pavillón polideportivo de Souto a IV Gala de Patinaxe (modalidade de bailes grupais), a cargo dos participantes das Escolas deportivas de patinaxe dos concellos da comarca e clubes. O evento, que está organizado polo servizo de Deportes do Concello, dará comezo ás 17.00 horas e nel participarán un total de 20 grupos (239 participantes). A entrada é de balde e haberá premios para todos.

Frontón en Santiso

O equipo de goberno do Concello de Santiso puxo ao servizo de todos os veciños tres pistas de frontón para a práctica deste deporte. As pistas atópanse situadas no pavillón de Arcediago, na antiga pero renovada pista da ludoteca e no pavillón de Visantoña. Neste último, no pavillón de Visantoña, os pasados venres día 30 e sábado 31 de marzo celebráronse as primeiras xornadas de portas abertas para que se puidese practicar ao cuberto dita modalidade. Dende o Concello sinalaron que se trata dunhas pistas únicas en toda a comarca e que de maneira gratuíta poden utilizar todos aqueles usuarios que desexen participar dun deporte como é o frontón.



Abril é sinónimo de Foliada

Odaiko e Vanesa Muela pecharán o domingo 29 tres días de festa con música, baile e, por suposto, cantos de taberna

Algúns dos grupos que estarán presentes na XIV Foliada de Melide (Fotos: Foliada de Melide)

Chega o mes de abril e recende a foliada; aínda que, máis que recender, soa. Iso é que vai acontecer na vila de Melide os vindeiros 27, 28 e 29 de abril grazas á décimo cuarta edición da Foliada de Melide, un evento máis que consolidado dentro do calendario cultural anual.

Tal e como se vén desenvolvendo nos últimos anos, durante tres días o casco vello de Melide acollerá a meirande parte das actuacións, destacando como novidade nesta edición algúns dos grupos musicais, xa que o formato mantense dándolle así continuidade ao de anos anteriores. “Contamos con algúns grupos que nunca estiveron na foliada ou que estiveron, pero doutra maneira, con outras formacións. Quizais si nos cantos de taberna podemos destacar o feito de que hai máis grupos de fóra que outros anos”, sinalan dende a organización.

Unha programación completa para todos os públicos que mantén as expectativas de anos anteriores en canto a asistencia pois, “a estas alturas o evento xa está bastante consolidado e o sector hostaleiro de aloxamento bastante completo”.

O punto de partida será o venres 27 de abril ás 22.00 horas na Casa da Cultura con Bruno Villamor e a presentación do traballo dedicado ao seu avó, Ramiro Villamor, "O Gaiteiro de Santo Xusto". Xunto a el terá lugar “unha viaxe a través dos sons da Ulloa con convidados excepcionais como Tango en Xan3iro, Davide Salvado, Germán Díaz, Zoelas e Herba Grileira”.

O sábado 28 arrancará coa apertura da Mostra de Artesanía e Instrumentos na Praza do Convento e será a quenda para o décimo concurso de Cantos de Taberna, que este ano recibe a 20 grupos participantes chegados dende distintos puntos da xeografía galega ademais de Santurtzi. As exhibicións de baile precederán as actuacións da Banda das Crechas e The Turre´s Band, grupos encargados de poñer o punto e final á xornada do sábado na Praza das Coles a partir das doce da noite.

O peche a tres días de festa poñerano o domingo 29 á tardiña na Praza das Coles Odaiko & Vanesa Muela cun espectáculo baseado na música tradicional castelá-leonesa. Pero antes ao mediodía, presentación do libro "Mulleres de Gargamala! Cantares de tradición oral" (Xulia Feixoo e Guillerme Ignacio) na capela de Santo Antón, e sesión vermú a cargo de Tonecho Castelos & Pablo Esqueira. Tres días de troula nos que non faltarán animación na rúa nin obradoiros.

VENRES 27 DE ABRIL

20:30 ANIMACIÓN DE RÚA con xigantes e cabezudos
22:00 ACTUACIÓN. Casa da Cultura:
BRUNO VILLAMOR + Convidad@s presenta
O GAITEIRO DE SANTO XUSTO

SÁBADO 28 DE ABRIL

11:00 Apertura da MOSTRA DE ARTESANÍA e INSTRUMENTOS. Praza do Convento
11:30 ANIMACIÓN DE RÚA con xigantes e cabezudos. Os Treboeiros da Muimenta
12:00 10º CONCURSO DE CANTOS DE TABERNA. Zona dos viños
15:30 Entrega de premios do 10º CONCURSO DE CANTOS DE TABERNA. Praza das Coles
17:00 ANIMACIÓN DE RÚA. Os Treboeiros da Muimenta
18:00 OBRADOIRO BAILE. ENTRA NO BAILE A BAILAR (Ruth Pérez). Coa colaboración de Bico da Balouta (Agolada). Praza do Convento
19:00 MARCHA GAITEIRA. Percorrido pola vila
19:30 SERÁN. Praza das Coles:

- AIRIÑOS GALEGOS DOCE ALBOR (SANTURTZI)
- HERBA GRILEIRA (MELIDE)
- A MARISTELA (SOBRADO DOS MONXES)
- O BINGO BIRÓN (TOQUES)
- O´ BRINGUELO (ARZÚA)
- FROITO NOVO (MELIDE)
- POZO PEQUEÑO (MELIDE)
- ALHÓNDIGA (MELIDE)
- FALCATRUEIROS (MONTERROSO)
- FOL DA CHOUSA (SANTISO)
- GAITEIROS DO BALADO (TOQUES)
- A REXOUBA (A CORUÑA)
- FOLIEIROS (A CORUÑA)

00:00 ACTUACIÓNS. Praza das Coles:
BANDA DAS CRECHAS
THE TURRE´S BAND

DOMINGO 29 DE ABRIL

11:00 Apertura MOSTRA DE ARTESANÍA e INSTRUMENTOS. Praza do Convento
11:30 ANIMACIÓN DE RÚA con xigantes e cabezudos
12:00 PRESENTACIÓN do libro "Mulleres de Gargamala! Cantares de tradición oral" (Xulia Feixoo e Guillerme Ignacio). Capela de Santo Antón
13:00 ACTUACIÓN. Banda de gaitas Ximiela (Louro – Muros). Praza do Convento
14:00 SESIÓN VERMÚ con TONECHO CASTELOS & PABLO ESQUEIRA. Praza das Ichoas
17:00 ACTUACIÓN INFANTIL. Circo Galaico de Títeres Alacrán. Praza do Convento. Ao remate entrega de premios do concurso infantil “Xente Cativa” na Capela de Santo Antón
18:00 XOGOS POPULARES. Praza do Pozo Pequeno
18:00 MOSTRA DE BAILE TRADICIONAL. Agrupación Folclórica Ximiela (Louro – Muros). Praza do Convento
19:00 ACTUACIÓN. Praza das Coles:
ODAIKO & VANESA MUELA

ESPAZO POÉTICO

Loli Tarrío Bande

Loli Tarrío Bande (Melide, 2000) é unha poetisa melidá que cursa 2° de Bacharelato no IES de Melide. O poema é froito dun obradoiro sobre a obra do poeta rianxeiro Manuel Antonio (1900-1930), proposto na asignatura de Literatura Galega do século XX.

"YOAKE"

Neste cálido descanso
as bágoas cen-te-lle-an-tes do universo
acompañadas do dormente Astro
iluminan
coma de costume
as ás do merlo que están a protexer
a sosegada vitalidade

E o paso do tempo
resulta imperceptible por un longo intre
no que as almas
repousan e esquecen
o desacougo e os tormentos que as invadían

Mais todo remata:
o pico do merlo asomando entre as ás
as ás despregándose pousadamente
e a luz chega
sixilosa
como a morte

Éxito para o Ayude

Aron Ayude, do equipo Ayude de Santiso, proclamouse campión de España de loita olímpica en Gijón (Asturias). De aquí irá coa selección española á concentración de Murcia.

Artes marciais en Toques

O pasado 17 de marzo celebrouse en Toques a IV Gala de Artes Marciais, que contou coa participación dos integrantes das Escolas Deportivas municipais de Melide, Monterroso e Toques.

Novo colectivo de pesca

Nace a Asociación Galega de Sociedades de Pesca, que acolle a máis de 4.000 pescadores e que terá como un dos vicepresidentes a Xavier Pazo, da Asociación de Troiteiros Río Furelos de Melide.

Podio para Ferreiro e Anido

Xesús Ferreiro e Javier Anido conseguiron subirse ao podio na primeira proba do Campionato Europeo de Rallyes Históricos que se celebrou en Girona. O equipo de Melide acudiu ao 66 Rally Costa Brava, onde acadou o terceiro posto da clasificación xeral.

Campionato Nacional de Danza

Oito rapazas de Melide das escolas deportivas do grupo "Scene Ballet" participaron en Valladolid nunha proba clasificatoria para a final do Campionato Nacional de Danza, onde conseguiron varias medallas e o seu pase á final, que se celebrará en Tarragona no mes de maio.

Semana Santa

A choiva obrigou a suspender varias procesións de Semana Santa e a modificar os actos programados. Non en tanto, o fervor relixioso viviuse coa mesma intensidade na Igrexa Parroquial de Melide.

Axenda Cultural

13-14 e 15 de abril e 20-21 e22 de abril
Melide
Primeira edición do Cazatapas Terra de Melide con preto dunha vintena de establecementos hostaleiros participantes nos que degustar tapas elaboradas coa caza como produto de fondo.

Sábado 14 de abril
Casa da Cultura de Melide - 18.00H
Cuarta edición da pasarela Melide Está de Moda Primavera-Verán organizada pola Asociación de Empresarios Terra de Melide. Presentará e actuará a cantante galega e colaboradora do programa da TVG Land Rober, Eva Iglesias.

Domingo 15 de abril
Casa da Cultura de Melide – 18.00H
Estrea do documental sobre a industria melidense: Melide en boas mans.

Venres 20, Sábado 21 e Domingo 22 de abril - Melide
Continúan as Probas internacionais de cans de caza Terra de Melide. O sábado día 22 celebrarase a Proba de aptitudes Naturais e o domingo 22 a V Edición da Copa de España de Rastro de Coello.

Sábado 21 de abril
Casa da Cultura de Melide - 21.30H
Continúa o ciclo de comedia teatral Noites de Teatro. Mofa e Befa: Crânios Privilexiados... ou Crítica da razón Perralleira (Compañía: Producciónss Excéntricas). Entrada de balde.

Venres 27, Sábado 28 e Domingo 29 de abirl - Melide
Fin de semana musical coa celebración da XIV Foliada de Melide que inclúe a X Edición do concurso de Cantos de Taberna.

Terceiro e cuarto posto na liga para o Melide Fútbol Sala Feminino

Durante a Semana Santa non houbo competición, pero o equipo aproveitou para participar nun torneo amigable en Rábade no que acadou o terceiro lugar dun total de nove participantes

O 7 de abril rematou a liga para o Melide Fútbol Sala Feminino e o balance que fan dende o club é bastante positivo. Na categoría sénior provincial, o que vén sendo a Primeira Galicia Feminina, o equipo rematou no terceiro posto, sendo o primeiro lugar da táboa para o equipo de Culleredo e o segundo para o Amarelle Santa Comba.

Tendo en conta que ao longo da tempada son 24 os partidos a disputar, as rapazas do Melide Fútbol Sala Feminino tan só caeron derrotadas en catro encontros; un balance que cualificaron de "moi bo". "Está claro que na liga gaña o equipo máis regular e para iso todo suma, pero non puidemos contar con todas as xogadoras ao longo da competición e tamén fallamos nalgún partido clave, aínda así estamos moi contentos co balance e co rendemento do equipo", sinalaron dende o club.

En canto á categoría cadete, o equipo rematou a competición nun cuarto posto dun total de seis. "É certo que ao mellor esperabamos algo máis, pero tamén é certo que aínda que só sexan seis equipos é unha liga bastante competitiva e cun nivel medio relativamente alto. É máis, as dúas primeiras clasificadas poderían loitar perfectamente polo título de liga nunha categoría superior" apuntaron dende o equipo.

Competición de Copa

Rematada a liga, no mes de abril celebraranse as respectivas competicións de copa: a Copa Primeira Galicia na que participa o equipo sénior, e a Copa Cadete Feminina Galega.

A Copa Primeira Galicia comezará o vindeiro 21 de abril e constará dunha fase previa con dous grupos. Os dous primeiros clasificados de cada grupo pasarán a unha fase final na que se xogarán unhas semifinais e final. Neste senso hai posibilidades de que unha fase final se celebre en Melide e, polo tanto, a súa organización corresponda ao Melide Fútbol Sala Feminino.

En canto á Copa Cadete, esta celebrarase o 22 de abril, posiblemente en Marín, e enfrontará no partido de semifinais ao Melide Fútbol Sala Feminino co Adarve de Lugo. E é que neste caso disputarase directamente a fase final coa participación de catro equipos. "A idea inicial era que houbese tamén unha fase previa, pero como finalmente participamos só catro dos seis equipos que había, chegamos a un acordo coa Federación e en vez de facer unha fase previa farase directamente a fase final". Deste xeito, a copa disputarase nun só día coas semifinais á mañá e a final pola tarde. "Ao ser eliminatoria directa ademais, cremos que temos posibilidades reais de competir ata o último momento polo título; é certo que o nivel é bastante elevado, pero mantemos as nosas aspiracións. Sería bonito rematar a tempada con algún dos dous títulos, algo complicado, pero non imposible", manifestaron dende o club.

Coa celebración da competición da copa dáse por rematada a tempada e comezará un parón de descanso ata o mes de agosto, independentemente da participación do equipo nalgún torneo.

Custodia compartida imposta

María Fernández, Nai

Cando se separa unha parella con fillos e vai a xuízo polos fillos, moito non comparten, máis ben guerrean. É verdade que a custodia compartida imposta por un xulgado está cada vez máis de moda, pero debería chamarse custodia sucesiva. O papá e a mamá sucédense na "tenencia dos fillos" que vagan de casa en casa, con mochila, sen normas e sen rutinas. E pregúntome eu: non sería mellor cortalos pola metade?

Aqueles casos nos que a nai se ocupa maioritariamente da educación e o coidado dos fillos durante o matrimonio (o 90% dos fogares, segundo as estatísticas), non teñen compartida a custodia durante o matrimonio, entón... por que o home a pide despois?

Hoxe unha amiga que se está a separar pediume consello. O seu ex gaña 1.800 euros, ela 800. Nunhas poucas semanas ela e as súas dúas fillas tivéronse que ir da vivenda, que era del. El mandoulle un WhatsApp: "canto teño que ingresarche polas dúas nenas? 300 euros?" Pregúntame que me parece. Que lle contesto? Que firme canto antes. Se pide una renda digna para as súas fillas, que pasará? Que el pedirá custodia compartida, e, de inicio, cando entras no xulgado, a idea é que a metade dos dereitos é para cada proxenitor, e a partir de aí... que a muller demostre que ata agora non foi ao 50% tal como se presupón para el e para ela. E iso que din que non hai nada máis inxusto que tratar igual dúas situacións de partida diferentes.

No peor dos casos as nenas pasarán de estar coidadas pola súa nai a estar coidadas pola avoa ou pola nova noiva de papá. Porque sexamos sinceros, ese pai que non quixo a custodia compartida durante o matrimonio, tampouco a vai exercer despois. Se ten sorte, o pai irá pouco a pouco delegando na nai, que se quedará cos seus fillos a maior parte do tempo, pero sen o dereito para elo, de forma que o pai poderá ir e vir con total liberdade, sen que ela poida facer plans nin para media hora, sempre a expensas do seu ex.

Polo tanto, se unimos o uso dos nenos, non só para quedarse coa casa e os cartos, senón tamén para, nos casos máis sangrantes, usar en negociacións constantes como moeda de cambio (dano colateral da moda da custodia compartida imposta), ocorre que en vez de custodia compartida, ou custodia sucesiva, poderíamos chamarlle chantaxe constante. E os fillos doen, doen moito, e a quen máis doen son a aquelas persoas que os coidan a diario, no 90% dos casos, as nais.

É verdade que nesta opinión non teño en conta aos homes que si exercen ao 50% a súa función de proxenitores. Quero pensar que a eles si lles dan a custodia compartida, e quero pensar que o fan de mutuo acordo, e que si se preocupan máis do coidado e educación dos seus fillos, que de guerrear nun xulgado. Porque, a verdade, dubido que unha nai queira separar aos seus fillos dun dilixente pai de familia.

Neste artigo opino só sobre aquelas familias que non asinan un acordo, que van a xuízo e nas que, o pai, sen tela exercido antes, pide a custodia compartida.

Segundo Save de Children, o 38% das familias monoparentais (a maior parte monomarentais), viven por debaixo do limiar da pobreza. Pregúntome cantas haberá dentro de poucos anos, ante a moda da custodia compartida imposta, ameaza constante que nos fai, ás nais, asinar calquera acordo que nos poñan diante nunha separación.

Cadeas de bloques (blockchain)

Rafael Rodríguez Gaioso, enxeñeiro informático
e presidente de MeLiSa

Na edición do CERNE do pasado febreiro do 2014, publicaba un artigo de presentación da criptomoeda Bitcoin, e agora toca falar das «cadeas de bloques», ou «blockchain», o seu termo orixinal en Inglés. Blockchain é a tecnoloxía que está detrás das criptomoedas, como Bitcoin ou Ethereum. Podemos ver a cadea de bloques como unha gran base de datos que non permite a modificación dos rexistros que xa están gardados. Ademais, para poder inserir un novo rexistro é necesario obter un acordo por parte dos administradores da base de datos, os cales, están repartidos por todo o planeta. Os servizos que usamos a diario, como o correo electrónico ou a compartición de ficheiros, teñen un modelo centralizado. É dicir, o seu funcionamento, depende dunha serie de ordenadores que están localizados nun punto determinado, e que poden sufrir caídas ou ataques, e que provocan unha parada no servizo e/ou roubo de información. Na cadea de bloques, isto cambia radicalmente, xa que a información non se garda nun punto central, senón que está distribuída ao longo de miles de equipos conectados a través de Internet (nodos). Isto fai que sexa case imposible realizar un ataque á información que se almacena na cadea de bloques.

Cada vez que se quere inserir un novo bloque, hai que comunicarllo a cada un dos nodos que forman parte da rede, e deste xeito, queda gardada unha copia en cada un deles. Cada novo bloque vai encadeado aos anteriores, polo que a base de datos vai medrando de forma constante. A cadea de bloques que almacena todas as transaccións realizadas con bitcoins ten un tamaño aproximado duns 40Gb.

Máis alá do uso que se está facendo para a xestión das criptomoedas, a cadea de bloques ten potencial para ser usado noutros sectores. Por exemplo, está a traballarse nos denominados «contratos intelixentes», para poder gardar toda a información relativa a un contrato, e garantir que non se poidan realizar cambios no futuro. Tamén podemos pensar en que este método é válido para gardar información relativa á propiedade de inmobles ou patentes. A propia tecnoloxía impide realizar modificacións nos datos gardados, garantindo a integridade dos mesmos. O sector financeiro tamén descubriu o potencial que esta tecnoloxía pode ter no sector, e xa están facendo as súas achegas para entender mellor as cadeas de bloques.



Máis información:
https://blockchain.info/
Imaxe:
Bitcoin Wiki - CC BY 3.0

ANA MATO SALGADO E IRIA EXPÓSITO CAMBA, E&M AVOGADOS

“A xustiza debería ser máis áxil en vez de esperar anos por un xuízo e a súa sentenza”

Son avogadas, novas e emprendedoras que, despois da experiencia previa en varios bufetes, decidiron montar o seu propio no ano 2016. Iria é licenciada en Dereito e graduada en Criminoloxía e a súa experiencia abrangue dende o Xulgado do Penal en Móstoles ao de Instrución de Plaza Castilla, pasando pola Audiencia Provincial de Madrid ou o Tribunal Supremo, ademais de diferentes bufetes. Pola súa parte, Ana é tamén licenciada en Dereito e especializada na rama de Estranxeiría, violencia sobre a muller e en valoración de danos e perdas causados ás persoas en accidentes de tráfico. Tralo seu paso por un coñecido despacho de avogados en Lugo, uniron a súa vocación e a mesma forma de entender a avogacía que tiñan para emprender un proxecto conxunto no que traballan actualmente. Ambas consideran que as claves do éxito dun bufete son as ganas e as forzas que se lle poñen ao exercicio da profesión; unha profesión pola que a vocación nace e medra día a día con cada caso. Actualmente contan con dous despachos abertos, un en Lugo (Praza de Santo Domingo, 28), e outro en Melide (R/Xesús Carro, 15).

-Que servizos ofrecen no seu bufete?
-Ana Mato e Iria Expósito (A.M./I.E.): É un despacho multidisciplinar. Levamos un amplo campo de materias nas que estamos especializadas e temos experiencia. Tamén contamos con compañeiros especializados nas mesmas, dende temas de dereito civil (herdanzas...), pasando polo ámbito do dereito de familia (divorcios, custodias...), temas do ámbito penal, laboral, administrativo e bancario.

-Cando unha persoa chega ao seu despacho cal é o procedemento a seguir?
-A.M/I.E.: Tratamos sempre de ser prudentes e escoitar ao cliente. Estudamos meticulosamente o tema e despois intentamos solucionar a controversia da forma máis amigable posible, porque sempre é a que máis beneficia ao cliente tanto psicolóxica como economicamente.

-Cal é o perfil dos seus clientes?
-A.M./I.E.: A verdade é que non hai un prototipo de cliente. Temos un abanico moi amplo en canto a idades, poder adquisitivo, profesións e lugares. Principalmente a nosa clientela é da Comarca de Melide e concellos limítrofes, de Lugo, Viveiro e A Coruña; lugares cos que ambas estamos vinculadas e se nos coñece máis, aínda que temos e tivemos algúns clientes de Allariz, Ourense e Vigo.

-Algunha vez rexeitaron un caso?
-A.M./I.E.: Temos rexeitado varios e o motivo é case sempre o mesmo: cando vemos que o tema que se nos pide facer é totalmente inviable. Despois de estudar eses casos en profundidade vemos que son xuridicamente inviables e insostibles, polo que non ten sentido que o cliente poña diñeiro e esperanzas en algo que de antemán sabemos que non será posible. Ser legal co cliente é selo cun mesmo.

Iria Expósito e Ana Mato no seu despacho

-Cal foi o seu maior reto como avogadas?
-A.M./I.E.: O reto principal é o día a día, ir vendo como se lle vai dando forma a cada caso.

-Sendo mulleres, na súa profesión sufriron situacións de machismo?
-I.E.: Este tema daría para un artigo enteiro. As situacións de machismo nesta profesión, como en moitas outras, son constantes, tanto por parte de compañeiros de profesión como de clientes. Moitas veces cústalles depositar a confianza dun tema importante nunha muller, e sobre todo se esa muller é nova, como é o noso caso.
-A.M.: A min houbo algún cliente que me preguntou estrañado como podía ser avogada e ao mesmo tempo nai sendo tan nova. Se eu fose un home nunca se houbera formulado esa pregunta que detrás só levaba a desconfianza de se con esa situación tería tempo e responsabilidade para mirar ben o seu caso.
-A.M./I.E.: Nesta profesión todo é máis fácil se es home. Pero ao final acaban vendo que temos a formación e a capacidade de facer o noso traballo como calquera home. Pero nós non demostramos nada porque non temos que facelo, son eles mesmos os que teñen que ir vendo que son os que están equivocados e superar eses prexuízos iniciais que poden ter. Pero hai que romper con iso, romper cos falsos mitos e co patriarcado. A igualdade de xénero tanto na avogacía como en calquera outra profesión e na sociedade en xeral debe ser un obxectivo prioritario.

-Cales son as principais necesidades no seu sector?
-A.M./I.E.: Un dos principais problemas que consideramos que se debería resolver é o do tempo. A xustiza debería ser máis áxil e non esperar anos por un xuízo e pola súa respectiva sentenza.

-É a avogacía o que esperaban dela?
-A.M./I.E.: Como en toda profesión, por moita idea que te fagas dela nunca sabes como é ata que te atopas exercéndoa. Despois destes anos traballando é certo que nos apareceron polo camiño moitas cousas coas que non contabamos, pero como en todo, é unha continua aprendizaxe. A nosa vocación nace e medra co exercicio da profesión.

-Moitas persoas non entenden como un delincuente confeso ten dereito a un avogado. Como explicarían vostedes iso?
-A.M./I.E.: O dereito de defensa é un dereito fundamental que toda persoa ten e que se contempla en todos os ordenamentos xurídicos. No ámbito mundial aparece recollido na Declaración Universal de Dereitos Humanos, e no ámbito estatal, neste caso, na Constitución. Hai que saber diferenciar entre o persoal e o profesional. Aínda que nunca xustificarías un delito, como avogado tes que saber defendelo, e iso moitas veces tamén pode ser un reto profesional; coñecer da súa culpabilidade e atopar a maneira legal de formular unha boa defensa e obter o mellor resultado posible na mesma.

-É o noso código penal un dos máis severos?
-A.M./I.E.: Coa reforma levada a cabo converteuse nun dos máis severos de Europa. Endurecéronse as penas para grupos criminais, para os delitos sexuais, responsabilidade penal para empresas por razón de estafas, delitos ambientais e outros temas tan polémicos como a liberdade vixiada ou a prisión permanente revisable. Pero tamén temos que ter en conta que España sitúase no segundo país con máis taxa de encarcerados de Europa.

-Como ven a xustiza en España?
-A.M./I.E.: Como calquera cidadán. Non sempre xusta e moi lenta.

-Que é o mellor da súa profesión?
-A.M/I.E.: Ten partes boas e outras que non o son tanto. Cuestións negativas son principalmente os horarios. En moitas ocasións levas o traballo para a casa, o cal conciliar a vida laboral coa familiar pode chegar a ser tamén un reto. En canto á parte positiva, pódese dicir que é a de poder estar traballando para o que un estudou e se preparou, xa que hoxe en día é todo un luxo. Pero sen dúbida o mellor é a oportunidade de medrar día a día persoal e profesionalmente.

E&M Avogados
Tlfs.: 605 270 282
671 833 425

FOL
XIV FOLIADA DE MELIDE
27/28/29 ABRIL 2018
VENRES 27
Bruno Villamor
+ convidad@s
Presenta O Gaiteiro de Santo Xusto
SÁBADO 28
SERÁN
Banda das Crechas
The Turre's Band
sesión vermú
DOMINGO 29 Tonecho Castelos & Pablo Esqueira
Odaiko & Vanesa Muela
ARTESANÍA I ANIMACIÓN DE RÚA I OBRADOIROS
cantos de taberna melide
©creacion animal
www.foliadamelide.com
foliadamelide@gmail.com
ORGANIZA
O CASTELO
COLABORA
CONCELLO DE MELIDE